



agmal

asociación galega
de mestres de audición
e linguaxe

9 e 10 de outubro de 2020

FORMACIÓN EN REDE

II XORNADAS DE COMUNICACIÓN, AUDICIÓN E LINGUAXE

Armando Montes - Gey Lagar - Ángel Carracedo - Sandra Freire - Ana B.
Martínez Lietos- Érica Ordoñez - Iria Rajal- Álex Escolá- Esther Cuadrado

www.agmal.org

Programa

Vernes 9 /10/20


- 16:00-18:00 D. Armando Montes
"Intervención en morfosintaxe"
- 18:15-20:15 D^a. Gey Lagar
"Patios dinámicos"
- 20:15-21:15 Obradoiro 1:
D^a. Gey Lagar "Patios Dinámicos"

Sábado 10/10/20

- 9:00-11:00 D. Ángel Carracedo
"Comorbilidade, TEA na actualidade"
- 11:15-13:15 D^a Sandra Freire
"Ecolalias en TEA"
- 13:30-14:30 Obradoiro 2:
D^a Érica Ordoñez
"La gamificación en AL"
- 15:30-17:30 D^a Ana B Martínez Lietos
"Evaluación da linguaxe"
- 17:45-18:45 Obradoiro 3: D^a Iria Rajal
"Recursos de musicoterapia para alumando con NEAE"
- 18:50-19:50 Obradoiro 4: D. Alex Escolá
"Habilidades socio-emocionais e Teoría da Mente"
- 19:55-20:55 Obradoiro 5: D^a Esther Cuadrado "Lectoescritura adaptada"
- 20:55-21:00 Clausura

Fagamos
visible
invisible

añmal



Obradoiros

Aprenderemos todos xuntos con obradoiros prácticos e moi dinámicos.

Obradoiro A

"Patios dinámicos" D^a Gey Lagar

Obradoiro B

"GamificAL: a gamificación en AL" D^a Érica Ordoñez

Obradoiro C

*"Recursos de musicoterapia para alumando con NEAE"
D^a Iria Rajal*

Obradoiro D

*"Habilidades socio-emocionais e Teoría da Mente"
D. Alex Escolá*

Obradoiro E

*"Lectoescritura adaptada"
D^a Esther Cuadrado*



Prazo e procedemento de inscrición

As inscricións pecharán o 6 de outubro ou ata completar o aforo.

A inscrición realizarase seguindo estes pasos:

1. Entrar na páxina de Agmal neste enlace:

<https://www.agmal.org/ii-xornadas>

2. Completar o formulario que aparece neste enlace, despois de realizar a transferencia, e engadindo o comprobante de transferencia.

Para máis información podes consultar en

▪ ***agmal.formacion@gmail.com***

Formación en rede

*A formación farase en directo durante os dous días.
Proporcionarase vía email o contrasinal de acceso e o
usuario.*

*Unha vez acabadas as xornadas dispoñerase de 7 días para
a súa visualización Offline.*

Envío de material

*Enviarase por correo postal o material de benvída aos
asistentes ás xornadas. Constará de material sobre as
ponencias, elementos de papelería e moitas sorpresas.*

*Por este motivo solicítase unha dirección postal
actualizada.*

Destinatarios

Aberto a todas as persoas interesadas en seguir formándose, especialmente para mestras e mestres de audición e linguaxe, mestras e mestres de pedagogía terapéutica, mestres e mestras de primaria e infantil, logopedas, orientadores/as e estudantes.

Homologación

Pendientes da homologación polo cambio de modalidade de presencial a en rede.

Entregarase diploma de participación.



Prezo

Ata o 27 de setembro:

Socios de AGMAL: 80 €

Socios asociacións ALS
de España: 80 €

Estudantes: 95 €

NON socios de AGMAL: 169 €

Persoas de asociacións
colaboradoras (10% desconto): 152 €

Dende o 28 de setembro:

Socios de AGMAL: 80 €

Socios asociacións ALS
de España: 80 €

Estudantes: 115 €

NON socios de AGMAL: 189 €

Persoas de asociacións
colaboradoras (10% desconto): 172 €

¡Faite socio!

TERÁS PREZO REDUCIDO:
45€ DE COTA + 80€ DE
INSCRIPCIÓN = 125€

Unha vez feito o pago non se devolverá o importe abonado. En caso de forza maior que imposibilite a asistencia ao curso debe poñerse en contacto connosco para a xustificación. Desafortunadamente, a devolución non poderá ser superior ao 50% do precio da inscrición, debido aos gastos derivados, se non se avisa cun mínimo de 48 horas de antelación.

Información de *interese*


Será necesario un mínimo de 100 participantes para poder llevar a cabo a formación. No caso de cancelación devolverase o importe abonado de forma correspondente, nun prazo máximo de 10 días antes do comenzo das Xornadas.



agmal.formacion@gmail.com



<https://agmal.org//>



[@agmal.info](https://www.instagram.com/agmal.info)

Relatora

D^a Gey Lagar Patios dinámicos



Activista da Inclusión Social.

Autora dos programas de Inclusión Social: Patios e Parques Dinámicos, Detectives do Arte e da app TEAyudo a jugar.

Candidata a doutoramento na Universidade de Murcia. Experta universitaria no Trastorno do Espectro do Autismo e en Novas Tecnoloxías aplicadas á diversidade.

Licenciada en Historia do Arte. Máster en Dirección de Empresa. Técnico en Educación Infantil. Terapeuta e formadora. Directora de Entramados, centro de apoio ao Neurodesenvolvemento.

Autora do libro Patios y Parques Dinámicos.

Falaremos sobre os Patios dinámicos, un modelo de recreos inclusivos, atacando dinámicas de grupo e recursos para levalos a cabo.

Relator

D. Ángel Carracedo Álvarez Comorbilidade, TEA na actualidade



Catedrático en Medicina Legal e experto en Xenética.

Director do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Esta última coordinará unha investigación internacional para analizar os determinantes xenéticos de risco na evolución da COVID-19.

Membro do CIBER de enfermidades raras (CIBERER) e do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). Dirixe o Grupo de Medicina Xenómica, o cal está formado por unhas noventa persoas de máis de 10 países.

Presidente da Fundación INDAGA (Instituto Gallego de TDAH y Trastornos Asociados). Doctor Honoris Causa por varias universidades.

Falaremos dos avances en xenética e TEA na actualidade, así como a importancia de coñecer os xenes que o poden causar.

Relatora

D^a Sandra Freire Ecolalias en TEA



Licenciada en Ciencias da Educación, Pedagoga. Socia Fundadora de DELETREA. Entidade especializada no diagnóstico e tratamento de Trastornos do Neurodesarrollo, onde realiza diagnóstico, tratamento en clínica e tratamento en domicilio. Con 23 anos de experiencia no traballo con persoas con TEA e segue aprendendo cada día.

Colabora na formación de profesionais a nivel nacional e, de forma máis continuada, como profesora en cursos de posgrao coa Universidade da Rioja, ISEP, Instituto Superior de estudos Psicológicos de Madrid ou nos Cursos de verán da Universidade Complutense.

O relatorio responderá ás seguintes cuestións:

1. ¿Que é a ecolalia?
2. ¿Por qué TEA e ecolalia?
3. Aprendizaxe baseada nun enfoque comunicativo

Relatora



D^a Ana Belén Martínez Lietos Evaluación da linguaxe

Psicóloga, Logopeda, Orientadora Especialista en TEL, realiza asesoramento na detección, identificación e intervención sobre alumnado con Trastono da Linguaxe.

Membro do comité de Expertos de TEL de AELFA - IF, e pertence ao grupo de Expertos que adaptou o CELF 5 en España.

En dúas horas analizaremos de forma práctica cómo realizar unha avaliación da linguaxe desde a etapa de infantil ata a adolescencia, avaliando todas as dimensións da linguaxe.

Relator



D. Armando Montes Lozano **Intervención** **morfosintáctica en** **Trastorno da Linguaxe**

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Granada, Diplomado en Logopedia pola Universidade de Granada e Máster en Atención Temperá pola Universidade de Sevilla. Coordinador do Centro de Atención Infantil Temperá "San Rafael" de Granada (Orde Hospitalaria San Juan de Deus). Participa como docente en varios posgraos (ex: Máster de Neurociencia Cognitiva e do Comportamento da Universidade de Granada). É membro do comité de expertos de TEL da revista AELFA e é coautor do libro "Neuropsicología Infantil: a través de casos clínicos" da editorial Medica Panamericana.

Falará dos principios e estratexias de intervención no Trastorno Específico da Linguaxe, centrándose en obxectivos morfosintácticos.

Relatora do obradoiro

D^a Iria Rajal Rouco **Musicoterapia, recursos para alumnado con NEAE**



Profesora do Máster en Musicoterapia MYC e a Universidade Miguel de Cervantes de Valladolid. Licenciada en Pedagogía musical. Licenciada en Teatro Lírico. Máster en Musicoterapia Clínica.

Faremos un achegamento á Musicoterapia, para coñecer cómo poder ser un apoio na aula con alumnos e alumnas con NEAE, así como iniciar nas diferentes técnicas e recursos musicais.

O obradoiro está dirixido a todos aqueles mestres ou terapeutas que traballen con nenos e adolescentes, de maneira individual ou en grupo. Non é necesario ter coñecementos musicais previos.

Relator do obradoiro



D. Alex Escolá Serra Habilidades socio-emocionais e Teoría da Mente

Psicólogo infanto-xuvenil especializado en TEA. Traballa no Centro de desenvolvemento infantil e atención temperá DELTA e no centro IDAPP, en Barcelona. Compaxina a práctica clínica coa docencia no Máster de Atención á Diversidade e Educación Inclusiva (FPCEE Blanquerna - URLL), no Máster de Intervención Temperá e Familia (IL3 - UB), así como a colaboración noutras universidades como a UAM, UOC ou ISEP. Co-fundador de IDAPP MIND e autor da aplicación móbil AutisMIND, pensada para estimular a comunicación, a cognición social e a Teoría da Mente en nenos con TEA.

No obradoiro proporcionaranse recursos prácticos para a estimulación da cognición social e as habilidades mentalistas, de forma que os asistentes leven ideas e ferramentas para fomentar o desenvolvemento da Teoría da Mente. Desde o traballo e manexo das emocións, ata a comprensión de situacións sociais complexas, así como diferentes estratexias de intervención, partindo de modelos con evidencia científica.

Relatora do obradoiro



Dona Esther Cuadrado **Lectoescritura adaptada**

Editora, creadora de materiais adaptados. Formadora de lasonrisadearturo.com e materialesvisuales.es.

Relatora en Congresos Nacionais e Internacionais, relacionados coa intervención en comunicación e linguaxe con persoas con trastornos do neurodesarrollo, e defensa de Dereitos Humanos.

No obradoiro centrarémonos en lectoescritura adaptada para alumnos e alumnas con dificultades de comunicación e linguaxe. Traballaremos con ferramentas, recursos e produtos de apoio para facilitar a personalización e xeneralización das aprendizaxes.

Relatora do obradoiro

Dona Érica Ordoñez Pardo GamificAL: a gamificación en AL



É mestra de Audición e Linguaxe de formación e corazón. Desde o curso pasado, é Orientadora Educativa no CEIP Eduardo Pondal e no CRA Nosa Señora do Faro. Forma a profesorado en gamificación e comparte experiencias e colabora na revista dixital "La Voz Educativa".

Gústalle aplicar metodoloxías activas vinculadas coa innovación educativa como a gamificación, o ABJ (aprendizaxe baseada en xogos) e o ABP. Comparte parte da súa visión como docente nos seus perfís @erica.opardo

¿Queres saber que é gamificar? ¿e cómo facelo? A mellor maneira é vivir unha experiencia, xa que, como di Edgar Dálle, aprendemos un 90% do que facemos. Da práctica iremos á teoría, para logo deseñar a nosa propia dinámica gamificada. Co vivido e aprendido darémoslle forma a esas ideas que queremos levar á aula.

Organiza

A Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no 2017 co fin de apoiar a figura do profesorado de audición e linguaxe.

Buscamos aportar o noso gran de area fomentando un mundo máis inclusivo. Para iso, organizamos formacións e reunións con distintos profesionais do campo da educación e da atención á diversidade, e estamos ao día nos avances e investigacións no campo da audición e a linguaxe.

Na nosa web pódese atopar máis información e estar ao día dos nosos retos que nos propoñemos e as novas liñas nas que traballamos.



agmal

asociación galega
de mestres de audición
e linguaxe

Colaboradores



PREMIR[®]
oposiciones



ensino



Kinuma[®]

jugar, crear y soñar



EDUCACIÓN 3.0


LÍDER INFORMATIVO EN INNOVACIÓN EDUCATIVA



**AULA
DESAFÍO**
LABORATORIO DIDÁCTICO



Recursos
para
Profes



Fundación **INTEGRA**

GaliSurf
OUTDOOR EDUCATION

